




RERUM DE
NATURA

XOSÉ POLDRAS



P.C.

to goldray

En tempos, comecei un estudo que comparaba ao fotógrafo Eadweard Muybridge con Esopo. Fascinoume o bucle temporal que saía das series de fotos descompoñendo o movemento de animais tan certo como absurdo; das fábulas arrepioume a incongruencia, ou non, da moral aplicada a unha historia tan crible. Para min Esopo ten a verosimilitude que dá un conto inesquecible (desde que o les xa non se borra da memoria, e iso achega unha credibilidade maior que a mentira repetida ata converterse en verdade por fartura do oínte).

Aquel mundo imaxinario onde os presupostos da arte se revolvían intemporalmente, pero non se repetían coma o bañista que nunca se baña dúas veces no mesmo río, levoume a Grecia e, por extensión, a Epicuro, e a Lucrecio, o autor que nos legou o seu saber. Merquei o *De rerum natura* na edición de Agustín García Calvo e emprendín a súa lectura. O volume de García Calvo é unha delicia, desde a súa introdución, respira paixón e claridade, ademais de facilitar a lectura pola descrición do argumento que acompaña unha versión rítmica que parece un baile.

Ir avanzando no texto converteuse nunha actividade independente, que xa non necesitaba da aplicación que eu puidera darlle para o estudo comparativo Esopo-Muybridge. O poema composto en 6 libros de 1117, 1174, 1287, 1457 e 1286 versos, é un canto ao ser humano que non puiden resistir. Propúxeme a posibilidade de ilustralo coma un tributo a unha obra de mensaxe tan provocador por próximo, só de portas para dentro do meu taller, nunca público; coma quen fai un exercicio de apuntamentos do natural. Evidentemente non quedou niso o asunto. O incontestable de moitas formulacións xunto coa inxenuidade doutros e a exquisitez lírica (que só podo gozar pola versión de García Calvo, non sei latín) non me deixou outra opción que colaborar a espaxear a filosofía epicureísta. Esa que nos resumían na “busca dos praceres”, e nada máis simplista.

Presento uns monotipos que percorren o argumento dos seis libros con simplicidade vaporosa. Queren ser unha metáfora da consistencia desas formulacións incontestables e deses inxenuos; ámbolos dous intemporais, os primeiros por si mesmos e os

segundos porque ilustran que a ciencia explica as cousas como pode en cada época: se agora sabemos “máis” tamén ignoramos “máis”.

O traballo que traio consta de:

- A. Eses 42 monotipos que, xa digo, percorren un razoamento sobre a realidade das cousas.
- B. 6 Gravados a buril que se corresponden con cada libro.
- C. 7 Colografías que queren conectar a illa que supón este proxecto, co resto de obra recente. Ademais de referirse ao tacto como sentido fundamental e ordenador do resto dos sentidos.

Esta miña viaxe comezou no ano dous mil e rematou agora coa presentación ao público das 55 obras. Durante os dez anos foi esa illa na que atracar cando o meu periplo polas inmensidades da creación ameazaban naufraxio. Agora a illa xa non está, pero non temo pola miña morte no naufraxio porque agora sei que cando ela está eu non estou.

Agradezo, como non chego a expresar, a xenerosidade de Agustín García Calvo polas súas letras para este catálogo, e que me ofrecera a posibilidade de reproducir os fragmentos que escollin da súa versión rítmica do *De rerum natura*.

Celebro tamén de Xosé Xabier Ron a súa amizade e xenerosidade achegando a súa arte de escribir a estas imaxes.

Ourense, maio 2010
Xosé Poldras

Me sorprendió la ocurrencia de Xosé Poldras de ilustrar, en los versos del padre Lucrecio, su prédica de la física atómica de Epicuro como salvadora del miedo a la muerte, con grabados visibles y palpables. Y luego, cuando el me hizo ver las láminas en que ese intento había ido fabricando con la laboriosa finura de su buril y tintas, la sorpresa se me ha vuelto admiración y gratitud: pues reconozco en esos grabados, no la mera ilustración de las cosas que el *De rerum natura* dice, sino la fuerza que las manos del artífice les ha dado el tono y razón apasionada con que canta los indivisibles moviéndose a velocidad insuperable por el vacío, por la falta de nada que los detenga.

Que esos admirables trazos y animadas sombras de Xosé Poldras sirvan para llamar a muchos a volver a los versos de Lucrecio, que, si no nos dice la verdad (lo que en la realidad no cabe), nos descubre la clara desesperación de la ciencia que trata de vencer el misterio de las cosas.

Zamora, octubre 2008
Agustín García Calvo

Sorprendeume a ocorrencia de Xosé Poldras de ilustrar, nos versos do pai Lucrecio, a súa prédica da física atómica de Epicuro como salvadora do medo á morte, con gravados visibles e palpables. E logo, cando el me fixo ver as láminas en que ese intento fora fabricando coa laboriosa finura do seu buril e tintas, a sorpresa volvéuseme admiración e gratitude: pois recoñezo neses gravados, non a mera ilustración das cousas que o *De rerum natura* di, senón a forza que as mans do artífice lles deu, o ton e razón apasionada con que canta os indivisibles movéndose a velocidade insuperable polo baleiro, pola falta de nada que os deteña.

Que eses admirables trazos e animadas sombras de Xosé Poldras sirvan para chamar a moitos a volver aos versos de Lucrecio, que, se non nos dá a verdade (o que na realidade non cabe), nos descubren a clara desesperación da ciencia que trata de vencer o misterio das cousas.

Zamora, outubro 2008
Agustín García Calvo